

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

CURSO 2019/2020

5º EDUCACIÓN PRIMARIA

LINGUA GALEGA

LINGUA CASTELÁ

MATEMÁTICAS

CIENCIAS NATURAIS

CIENCIAS SOCIAIS

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

EDUCACIÓN PLÁSTICA

NOELIA VÁZQUEZ REY

CEIP ARZÚA

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.
4. Información e publicidade.

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

■ LINGUA GALEGA 5º

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave
B2.6. Realizar diferentes tipos de lectura.	LGB2.6.1. Realiza diferentes tipos de lectura en función de cada texto: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal ou de resolución de problemas.	CCL CSIEE CAA
B3.2. Crear textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.	LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas, notas e invitacións . LGB3.2.3. Crea diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos ou argumentativos) seguindo un guión establecido e adaptando a linguaxe ás características de cada xénero. LGB3.2.5. Resume o contido de textos sinxelos propios do ámbito da vida persoal ou familiar ou dos medios de comunicación.	CCL CAA CD
B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	LGB4.1.1. Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo e preposición.	CCL CAA
B4.2. Coñecer e aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular,	LGB4.2.1. Aplica xeralmente as normas de acentuación xerais	CCL CSC CCEC

apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.		
B4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe adecuada nas producións orais e escritas.	LGB4.3.1. Emprega con corrección os signos de puntuación, facendo unha valoración dos resultados.	CCL

■ **LINGUA CASTELÁ 5º**

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B2.1. Ler, en voz alta e en silencio, diferentes textos, con fluidez e entoación adecuada.	LCB2.1.3. Comprende información global e específica en textos de diferente tipoloxía do ámbito escolar e social:	CCL
B3.1. Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, con coherencia, aplicando as regras ortográficas e coidando a caligrafía, a orde e a presentación.	LCB3.1.1. Escribe, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá e do ámbito social e escolar, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos): diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, contos, folletos informativos e iterarios, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, regulamentos, receitas, instrucións, normas...	CCL CD CAA
B3.3. Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura, utilizando esquemas e mapas conceptuais, aplicando estratexias de tratamento da información, redactando os seus textos	LCB3.3.1. Aplica correctamente os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas propias do nivel nos seus textos escritos.	CCL

con claridade, precisión e corrección e avaliando, coa axuda de guías, as producións propias e alleas.		
B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así coma as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.1.1. Coñece e recoñece as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados, enlazar ou relacionar palabras.	CCL
B5.1. Valorar os textos literarios e utilizar a lectura como fonte de lecer e información e consideralos como un medio de aprendizaxe e enriquecemento persoal.	LCB5.1.1. Valora e recoñece as características fundamentais de textos literarios narrativos, poéticos e dramáticos.	CCL CCEC

■ **MATEMÁTICAS 5º**

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave
B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas).	MTB2.1.1. Identifica os números romanos aplicando o coñecemento á comprensión de datacións.	CMCT CCEC
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	MTB2.2.1. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	CMCT CAA CCL
B2.7. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado	MTB2.7.1 Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando	CMCT CAA CCL CSIEE

para a resolución de problemas.	conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso.	
B5.2. Facer estimacións baseadas na experiencia sobre o resultado (posible, imposible, seguro, máis ou menos probable) de situacións sinxelas nas que interveña o azar e comprobar o dito resultado.	MTB5.2.1. Realiza análise crítica e argumentada sobre as informacións que se presentan mediante gráficas estatísticas.	CMCT CAA CCL

■ CIENCIAS SOCIAIS 5º

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave
B2.6.Recoñecer as zonas climáticas mundiais e os tipos de clima de España identificando algunhas das súas características básicas.	CSB2.6.1.Explica que é unha zona climática, nomeando as tres zonas climáticas do planeta e describindo as súas características principais.	CMCCT CCL
B2.8.Describir as características do relevo de España e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa.	CSB2.8.1.Localiza nun mapa as principais unidades de relevo en España e as súas vertentes hidrográficas. CSB2.8.2.Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de España.	CMCCT
B2.9.Explicar a importancia da intervención humana no medio e favorecer o desenvolvemento sostible.	CSB2.9.1.Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste.	CSC CCL

■ CIENCIAS NATURAIS 5º

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave
B2.1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano, establecendo algunhas relacións fundamentais entre eles.	CNB2.1.2. Identifica as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.	CMCCT
B2.3. Relacionar	CNB2.3.2. Coñece os	CMCCT

determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables, coñecendo as repercusións para a saúde do seu modo de vida.	principios das dietas equilibradas, e elabora menús variados identificando ás prácticas saudables.	CSC
B3.2. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.	CNB3.2.1. Clasifica aos seres vivos e nomea as principais características atendendo ao seu reino: Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos e outros reinos empregando criterios científicos e medios tecnolóxicos.	CMCT

■ VALORES SOCIAIS E CÍVICOS 5º

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave
B3.8. Respetar os valores universais comprendendo a necesidade de garantir os dereitos básicos de todas as persoas.	VSCB3.8.2. Expón a importancia de que todas as persoas gocen dos dereitos básicos: saúde, benestar, alimentación, vestido, vivenda e asistencia médica	CSC CCL
B3.13. Contribuír á conservación do medio ambiente mantendo unha actitude crítica ante as faltas de respecto.	VSCB3.13.1. Analiza, explica e expón as causas e consecuencias da intervención humana no medio.	CSC CSIEE

■ EDUCACIÓN PLÁSTICA 5º

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave
B2.1. Experimentar coas imaxes como unha ferramenta para deseñar documentos de información e comunicación (carteis, guías, folletos etc.)	EPB2.1.1. Realiza composicións que transmitan emocións e sensacións básicas, utilizando distintos elementos e recursos para os axustar ás necesidades.	CCEC CSIEE CCL
B2.6. Amosar interese polo traballo, apreciando e valorando a correcta realización de actividades e a presentación.	EPB2.6.1. Completa e realiza os debuxos utilizando os coñecementos aprendidos.	CCEC CSC

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

AVALIACIÓN

De acordo co establecido nas Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019-2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, a avaliación final terá en conta as avaliacións do curso.

Valorarase esencialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles recollidas na presente adaptación da Programación Didáctica de 5º curso de Educación Primaria.

A avaliación terá carácter continuo e global, diagnóstico e formativo, tendo en conta as actividades levadas a cabo no terceiro trimestre, de forma non presencial , sempre e cando favoreza positivamente ao alumnado , así como as aprendizaxes levadas a cabo durante os trimestre anteriores.

Procedementos de avaliación

- Observación directa do alumno ou alumna tendo en conta as súas actitudes de iniciativa e interese no traballo, a súa participación nos traballos e os seus hábitos de traballo.
- Grao de desenvolvemento das competencias clave.
- A supervisión do traballo do alumno ou alumna obtendo información sobre a expresión escrita, comprensión e desenvolvemento de actividades.
- Revisión de tarefas e análise de producións do alumnos ou alumna.
- Seguimento individualizado.
- Orde e claridade no traballo.
- Entrega de tarefas con flexibilización de prazos.
- Implicación no traballo desenvolvido online.

Instrumentos de avaliación

- Rexistro e valoración de exercicios entregados (de comprensión lectora, composicións escritas...)
- Rexistro e valoración de traballos de carácter interdisciplinar.

- Fichas de seguimento.
- Valoración da actitude, grao de implicación e interese no traballo realizado.
- Rúbricas de avaliación.

CUALIFICACIÓN FINAL

A avaliación e cualificación adaptarase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso. As actividades de reforzo, recuperación, ou ampliación das aprendizaxes anteriores que se leven a cabo durante o terceiro trimestre serán tidas en conta sempre e cando se beneficie ao alumnado.

ALUMNADO DE MATERIA PENDENTE

Para o alumnado con materia pendente dos anteriores trimestres, farase un plan de seguimento e adaptación das actividades para reforzar eses contidos. Ademais, valoraranse positivamente as actividades de repaso e reforzo e a implicación durante este último trimestre.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

ACTIVIDADES

As actividades estarán centradas nas aprendizaxes e competencias imprescindibles para o alumnado de 5º de EP. Serán actividades de repaso, reforzo e ampliación das aprendizaxes levadas a cabo durante o primeiro e segundo trimestre.

- Actividades de comprensión escrita.
- Actividades de expresión escrita.
- Actividades de repaso das regras básicas de ortografía.
- Actividades de cálculo.
- Actividades de resolución de problemas sinxelos da vida cotiá.
- Actividades cun enfoque globalizador e interdisciplinar.
- Creacións artísticas ou plásticas.
- Actividades relacionadas co Plan Proxecta.

METODOLOXÍA

A metodoloxía a empregar orientase ao repaso, reforzo, recuperación ou, se fose necesario, ampliación das aprendizaxes das avaliacións anteriores.

Publicarase de xeito oficial a proposta de actividades na páxina web do centro. Será unha proposta de actividades semanal encamiñanda ao repaso e reforzo dos contidos adquiridos previammente. Ademais, informarase vía teléfono comunicando directamete coas familias do alumnado.

A comunicación entre alumnado/familia e a mestra farase mediante correo electrónico ou teléfono.

Empregaranse tanto os recursos interactivos como os libros de texto. Proporcionarase ao alumnado o material que había na aula, favorecendo así que todos e todas teñan material de consulta e recursos didácticos á súa disposición para a realización das tarefas diarias.

Para a atención do alumnado que teña dificultades para a conexión dixital, adaptaranse individualmente as tarefas e adaptaranse as medidas necesarias en colaboración con outras institucións públicas (Concello de Arzúa).

O principal obxectivo é permitir ao alumnado manterse incorporado á aprendizaxe continua a través destas actividades de reforzo e ampliación, e en ningún caso sobrecargar respectando as circunstancias particulares do alumnado e familias.

Alumnado con NEAE:

Enviaranse actividades de enriquecemento en colaboración co DO.

O alumnado que precise reforzo está incluído dentro do Programa Arco e contarán cunha mestra nomeada pola Consellería para este fin. Ademais adaptaranse as actividades de xeito individual para este alumnado.

MATERIAIS E RECURSOS

- Recursos interactivos.
- Libros de ttexto.
- Material imprimible.
- Libros de lectura para descargar.
- Apuntamentos compartidos.

- Páxina web do centro.
- Correo electrónico
- Teléfono.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS

Para informar ás familias empregase a web do centro escolar como canle principal de comunicación. Outras vías de información serán o teléfono móbil, correo electrónico ou espazo Abalar.

PUBLICIDADE

Publicación na páxina web do centro escolar:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdearzua/>